

Corrección de erros.-Orde do 18 de outubro de 2010 pola que se establecen os centros e postos cualificados de especial dificultade na Comunidade Autónoma de Galicia.

Advertidos erros na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 208, do 28 de outubro de 2010, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 17.802, no anexo I, debe incluírse:

ANEXO I
Unitarias

Código	Nome	Provincia	Concello
15006250	EEI de Limodre	A Coruña	Fene

Na páxina 17.803, no anexo II, debe incluírse

ANEXO II

Código	Centro	Concello
36017201	CEE Príncipe Felipe	Pontevedra

Na páxina 17.804, no anexo III, debe incluírse:

ANEXO III
Unidades específicas de EE

Código	Centro	Concello
32000058	CEIP Padre Feijoo	Allariz
32016789	CEIP Filomena Dato	Barbadás
32015116	CEIP Condessa de Fenosa	Barco de Valdeorras, O
32001683	IES Martaguisela	Barco de Valdeorras, O
32004118	CPI Antonio Failde	Coles
32002951	CEIP Calvo Sotelo	Carballiño, O
32003503	CEIP de Castrelo de Miño	Castrelo de Miño
32016327	CEIP A Ponte	Ourense
32008793	CEIP de Prácticas	Ourense
32009301	CEIP de Seixalbo	Ourense
32008801	CEIP Irmáns Villar	Ourense
32009153	CEIP Mariñamansa	Ourense
32009360	CPI José García García	Ourense
32016029	CEIP Ben Cho Shey	Pereiro de Aguiar, O
32011305	CPI Tomás de Lemos	Ribadavia
32013521	CEIP Princesa de España	Verín

Na páxina 17.804, onde di:

Centros penitenciarios

Localidade	Código centro	Nome
A Coruña	15032399	Epa Teixeiro
Lugo	27016248	Epa Monterroso
Outeiro de Rei	27020811	Epa de Bonxe
Ourense	32020771	Epa O Pereiro de Aguiar
Pontevedra	36010872	Epa A Lama

Debe dicir:

Centros penitenciarios

Localidade	Código centro	Nome
A Coruña	15032650	Epa Teixeiro
Lugo	27020823	Epa Monterroso
Outeiro de Rei	27020811	Epa de Bonxe
Ourense	32020771	Epa O Pereiro de Aguiar
Pontevedra	36024720	Epa A Lama

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 12 de novembro de 2010, da Subdirección Xeral de Desenvolvemento da Sociedade da Información, pola que se dispón a publicación da relación das subvencións concedidas ao abeiro da Resolución do 15 de xuño de 2010 para as entidades sen ánimo de lucro, para actuacións de difusión relacionadas co desenvolvemento da Sociedade da Información, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) e polo Plan Avanza, procedemento administrativo PR521A.

A Resolución do 15 de xuño de 2010, da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, establece as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades sen ánimo de lucro para actuacións de difusión relacionadas co desenvolvemento da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) e polo Plan Avanza, e procede á convocatoria (procedemento administrativo PR521A, publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 123, do 30 de xuño de 2010).

A Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica con data 20 de outubro de 2010 ditou resolución de concesión de subvencións ao abeiro da citada convocatoria.

O artigo 12º das bases reguladoras dispón: Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro. Con carácter xeral non se enviarán notificacións postais e de conformidade co establecido no artigo 59º.6 b) da indicada lei, substituirase a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada. Coa publicación no DOG poderán remitirse aos beneficiarios a que consulten información detallada da resolución nun taboleiro da citada web.

Asemade, con esta publicación dáse cumprimento á obriga de publicidade prevista no artigo 15º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Na súa virtude,

ACORDO:

1. Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da relación de beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro da Resolución do 15 de xuño de 2010, procedemento administrativo PR521A.